



MARÍA BOUZAS



TRISTÁN ULLOA



ALFONSO CABALEIRO

actualidade creación entrevistas opinións traballo crítica investigación reportaxes

xuño 09 - novembro 09 *exemplar gratuito*

09

ag-

revista do audiovisual galego



NOVAS MIRADAS, NOVOS CREADORES
a fondo

O MES DE CINEuropa
actualidade

O 'HABARIN' CUMPRE 15 ANOS
a galega

VISITA Á ESCOLA DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA
reportaxe

O XACOBEO 2010 CHEGA AO CINE
super novas

As paisaxes políticas de James Benning

Paisaxes, matemáticas e política

Quen se achegue ao cinema de James Benning a partir das súas últimas producións (*Triloxía de California*, *13 Lakes*, *Ten Skies*, *Castling a glance* ou *RR*), que recollen unha serie de paisaxes nas que a figura humana está practicamente ausente, pode levar a falsa impresión de que a súa é unha proposta paisaxística puramente estética e formal, debedora das obras estruturais de Andy Warhol (*Empire*) e Michael Snow (*One second in Montreal*, homenaxeado en *Grand Opera*). Os amagos narrativos de Snow en *Wavelength* tamén influirán nas mininarrativas dalgunhas das películas de Benning. As paisaxes de Benning insírense nuns planos matematicamente estruturados: cada imaxe de *Triloxía* dura 2 minutos e medio, as de *13 Lakes* e *Ten Skies* duran 10 minutos, e en *RR* é o paso dos trens o que impón a duración. A composición fotográfica busca estruturas xeométricas equilibradas, algo que levará ao límite en *13 Lakes*, na que o cadro está simetricamente dividido entre auga, na metade inferior, e ceo e montañas na superior. Esta obsesión matemática reflíctese en moitos dos títulos: *8 1/2 x 11*, *11 x 14*, *I-94*, *9-1-75*, *13 Lakes*, *RR*...

Pero hai un terceiro elemento, ademais da paisaxe e da estrutura matemática, que se nos pode escapar nunha primeira lectura superficial: a política. Para poder entender as implicacións políticas destas películas temos que remontarnos ao cinema anterior de Benning. *11 x 14* (1976; o título fai referencia ao tamaño dun papel fotográfico) inclúe tres narrativas entrecruzadas, apenas apreciábeis, que nos poñen sobre aviso: o de Benning é un cinema da sutileza. Para poder 'interpretar' as historias temos que pór toda a nosa atención até nos detalles máis insignificantes; se non o facemos así, a narrativa pérdese, esvaída nas paisaxes. O mesmo acontece coa carga política: quizá poidamos fixarnos na esvástica pintada nun muro, e é difícil non sentirse estimulado polo retrato de Lenin na casa dun dos protagonistas, pero talvez se nos pasen as implicacións sociais do cuarto plano, o máis longo da película, que recolle, desde o interior, a viaxe en tren

TEXTO: Alberte Pagán ● FOTOGRAFÍA: Irene Molina



desde Evanston ao centro de Chicago ao longo de 11 minutos. Para o público, como para moitos dos pasaxeiros, pode pasar desapercibido o feito de que o tren atravesase barrios marxinais empobrecidos. O feito de que o único pasaxeiro que entra en cadro é afroamericano subliña esta interpretación en clave social.



One Way Boogie Woogie (1977) componse de vistas de Milwaukee de 1 minuto de duración nas que se coan sutís micro-narrativas. En 2004 Benning regresou aos mesmos lugares para rexistrar os cambios producidos tanto nas paisaxes como nas persoas. O resultado foi *One Way Boogie Woogie / 27 Years Later*, e a lección que aprendemos foi que a paisaxe non é algo estático e neutro, senón que rexistra modificacións ao longo do tempo, deixando de ser pura contemplación formal para converterse en referencia sobre a que se ancora a evolución histórica. Esta aprendizaxe permítenos ler as paisaxes de *13 Lakes* ou de *RR*, por exemplo, non como fermosas vistas da natureza senón como resultado da actividade humana, ben por omisión (se os lagos naturais e as montañas seguen aí é porque resistiron á cobiza humana) ben por obra (encoros e camiños de ferro). Cada imaxe remite ao seu pasado (como era isto antes?) e ao seu futuro (como evolucionará?); cada paisaxe é produto e reflexo da súa historia. *Casting a glance* (2007) repite a estratexia de *One Way Boogie Woogie / 27 Years Later* para ofrecernos vistas do *Spiral Jetty* de Robert Smithson (obra cimeira da intervención paisaxística) ao longo das décadas, rexistrando os cambios que os diferentes niveis da auga do lago provocan no peirao. De igual xeito, as vistas de *Triloxía de California* (1999-2001) funcionan como crítica da sobreexplotación dos recursos acuáticos e das consecuencias tanto naturais (desecamento), como laborais e políticas (inmigrantes mexicanos como man de obra barata).

A palabra: un novo elemento na súa obra

Nos anos oitenta e noventa Benning introduciu un novo elemento na súa obra: a palabra. *American Dreams* e *North on Evers* inclúen textos escritos, que corren pola parte inferior da pantalla, que actúan como contrapunto das imaxes. A palabra permite alusións políticas máis directas e sérvelle ao cineasta para mesturar autobiografía, historia e política. A segunda película, xa desde o título, fai referencia ao militante afroamericano Medgar Evers, cuxo asasinato marcou a vida de Benning. Pero esta dicotomía entre imaxe e palabra acada a súa cimeira, e esgótase, en *UTOPIA* (1998), serie de paisaxes do sur de California (e norte de Sonora) ás que lle engade a banda sonora completa do documental político *Ernesto Che Guevara. The Bolivian Diaries* (Richard Dindo,

1997). Deste xeito as vistas desoladas e deshabitadas adquiren unha significación política insospitada: a palabra permítenos recuperar a historia das inxustizas e desigualdades sociais que se agachan nesa rexión fronteiriza. En palabras do autor: "Onde realmente cómpre unha revolución é nos Estados Unidos".

O proceso dialéctico de *One Way Boogie Woogie / 27 Years Later* (no nivel visual) e o de *UTOPIA* (contrapunto imaxeson) é o mesmo que o que Marguerite Duras levava a cabo en *Son nom de Venise dans Calcutta désert* (1976), na que planos dunha mansión baleira e semiderruída cobran vida e humanidade ao aplicarlle a banda sonora da súa película anterior, *India Song*.



Rexeitamento do texto como acompañamento

A partir de *UTOPIA* Benning renuncia ao texto como acompañamento. A súa longa filmografía tennos servido como aprendizaxe para "ver e escoitar" (título dun dos seus cursos de cine) e agora o público xa está, ou debe estar, preparado para enfrontarse a unha paisaxe e ser capaz de lela en termos históricos

e políticos. Cando vexamos o primeiro plano de *Casting a glance* (superficie acuática do Great Salt Lake) sabemos que a imaxe non é o que parece e que baixo a superficie (da imaxe, da auga) temos que buscar unha verdade oculta: neste caso o *Spiral Jetty* que Smithson construíu en 1970 e que o resto da película documenta en diferentes graos de asolagamento. O primeiro plano de *Triloxía de California* contén a imaxe dun encoro rebordante de auga; o derradeiro retoma a mesma imaxe, mais coa auga nun nivel sensibelmente menor. Non é máis que unha pequena pista da lectura que podemos facer das paisaxes intermedias: o uso e abuso político dos recursos acuáticos da rexión. Pero que acontece

con *Ten Skies*, con eses dez ceos nos que mesmo a paisaxe está ausente? Non nos deixemos enganar: Benning dános de novo indicios de por onde van os tiros. Acadando unha sutileza pouco frecuente no cinema, no plano oitavo inclúe, precisamente, o son duns tiros, que xa ouviremos en *13 Lakes* e que volveremos escoitar en *Casting a glance*, que delatan unha presenza humana violenta e violentadora. No cuarto plano a banda sonora inclúe conversas de traballadores inmigrantes mexicanos (que nos lembran os da *Triloxía*). E, por se non ficase clara a súa mensaxe, as nubes brancas convértese en fume dunha fábrica no décimo ceo. E é así como a especie humana fai acto de presenza mesmo no cinema máis minimalista e supostamente 'baleiro' de James Benning. Aínda que aparentemente a súa obra parece situarse no ámbito estrutural ou naquel explorado por Abbas Kiarostami en *Five*, a inequívoca vontade política do autor emparéntao coa obra de Chantal Akerman (*Sud, D'Est*) e a de Jean-Marie Straub/Danièle Huillet (*Toute révolution est un coup des dés* ou os paseos pola Roma de *Geschichtsunterricht*): paisaxes cargadas de historia.